



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

... labradores en la montaña
sieghan la herba con la ghuadaña
con la ghuadaña, jardín de flores
resaladita de mis i-amores.

45

‘N Ardeleiro unha fonte
en Folgheiro unha calzada
en Pasacondía un río
en Pontella non hai nada.

Que temos un na parroquia
que compría súa idea
que o podemos nembrar
conde da Costa da Area.

Que conforme estaba costa
ben se podía pasar
millor sería unha fonte
ou un río pra lävar-e.

Pro corría mái-la fonte
eran as cousas primeiras
pra lle dar envirtimientto
òn fato de rexubeiras.

Porqu’alí xuntans’o luns
solteiras e mais casadas
non fan máis que rexubar
por cuenta däs fulfilled.

Da lingua desas mulleres
hai que apartarse un pouco
cortanll’un trax’a calquera
e colocanllo ó lombo.



Tamén foron de Pontella
un día con bois e carros
non sobrou no presupuesto
pra pagharll'o seu traballo.

Cando marcharon prá casa
alghún de Beo falaba
velái van os de Pontella
cã pedra toda botada.

Modesto cuchos pequenos
Varela cos que levaba
Inacio levab'os seus
que na casa n'os deixaba.

Iban decindo qu'a Costa
er'onha cousa prá vida
se l'apartan os sidiros
a mái-los carros de riba.

- Sei máis pero xa se aghota un que é vello.

Saghrada Virgen do Carme
daime fuerza y más aliento
para poder...

- Esta non é a música, é outra.

Labradores en el invierno
pasan la vida siempre durmiendo
siempre durmiendo, jardín de flores
resaladita de mis i-amores.

Eu a mái-lo meu marido
d'algho temos que vevir
ghobernand'a nosa vida
sin dar moito que decir.

Aquí temos a Carrillo
presentouse voluntario
non vos extrañedes del
qu'este é o de diario.

Traemos a Villamil
por que se presta moi ben
pr'aghuantar do 'scaparate
que boa conta lle tén.